



Concello de Vigo  
Secretaría Xeral

## INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1193/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

### **Antecedentes**

Con data 25/03/2022 D. [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública: *"Solicito ao departamento que se encarga dos procesos selectivos obter a plantilla de preguntas e respostas dos exames test e tamen a dos exames prácticos de peón operario de servizos varios ou axudante de ofertas de emprego públicas pasadas das que se teñan constancia arquivadas. E se existe pasarme un enlace con todo o proceso selectivo ordeado."*

Con data 18/04/2022 emítese informe da Área de RR HH e Formación ao que se xuntan como anexos os seguintes documentos:

- 1º exame Bolsa 2018
- 3º exame Bolsa 2018
- 1º exame Bolsa 2021
- 3º exame Bolsa 2021

### **LEXISLACION APLICABLE**

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Copia do documento - Concello de Vigo 1193-1102	Data impresión: 02/03/2023 14:25	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada consta informe da Área de RR HH e Formación de data 18/04/2022, co seguinte contido:

*"A información do referido proceso selectivo, atópase publicada actualmente na web municipal, coas plantillas de respostas do primeiro exame, que achego ao presente informe, e que tal e como manifesta a Acta núm. 3 da sesión de 18/06/2021 do órgano de selección, tratou de dar resposta nun tempo máximo de 30 minutos, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, máis 4 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas correcta.*

*Respecto ao segundo exame, tal e como se reflicte en Acta núm. 5 da sesión de 29/06/2021 do órgano de selección, consistiu en que os aspirantes indicaran os materiais necesarios para a elaboración de morteiro ou formigón entre distintos materiais que se lles presentaban, a identificación de catro ferramentas entre doce que se lles presentaban, e indicar a ferramenta precisa e a forma de cambiar o carrete de fío dunha desbrozadora.*

*O terceiro exercicio, de coñecemento da lingua galega, efectuárono con carácter obrigatorio aqueles aspirantes que non acreditaron estar en posesión do título CELGA 2, e tratou, tal e como consta en Acta núm. 6 da sesión celebrada o 05/07/2021 do órgano de selección, nunha tradución dun texto en castelán ao galego que tivo que ser realizado nun tempo máximo de 30 minutos. Anéxase o enunciado obxecto de tradución.*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/03/2023 14:25	Páxina 2 de 4
1193-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*O fin de desempatar os aspirantes que obtiveron a mesma puntuación neste proceso selectivo, realizouse unha proba adicional que, tal e como se estableceu en Acta núm. 7 da sesión do 09/07/2021 do órgano de selección, consistiu en cambiar o disco dunha radial.*

**Bolsa de emprego nomeamentos interinos operarios/as peóns (Expte 31280-220; Data da convocatoria 07/11/2017)**

*O primeiro exercicio, tal e como consta en Acta núm. 2 da sesión do 01/02/2018 do Órgano de selección, tivo como obxecto a contestación dun cuestionario tipo test de 20 preguntas, máis 4 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas correcta, nun tempo máximo de 30 minutos. Anéxase o referido cuestionario.*

*O segundo exercicio da oposición, segundo Acta núm. 7 da sesión do 15/02/2018 do Órgano de selección, consistiu en realizar catro exercicios prácticos consistentes en:*

*- Recoñecer unha serie de ferramentas entre as distintas posibilidades propostas, indicar os materiais específicos para uso en fontanería entre os propostos e colocar correctamente unha folla de corte nunha serra de arco.*

*- Indicar a ferramenta axeitada para 'pelar' un cable eléctrico, xa fora o de 'fase', 'neutro' ou o de 'terra', realizando correctamente a operación.*

*- Identificar a lixa axeitada para pulir un taco de madeira ou outro de metal.*

*- Presentación aos aspirantes de diferentes materiais (cemento gris, cemento cola, grava e area) debendo indicar os necesarios para realizar unha mestura de morteiro ou formigón cunha determinada composición.*

*Por último, o terceiro exercicio - proba escrita de coñecementos da lingua galega, consistiu na corrección dun texto en galego que contiña 20 erros, a realizar nun tempo máximo de 20 minutos. Anéxase o enunciado da proba."*

Así mesmo achéganse plantillas correspondentes ao 1º exame Bolsa 2018, 3º exame Bolsa 2018; 1º exame Bolsa 2021 e 3º exame Bolsa 2021.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto fórmase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por D. [REDACTED] e polo tanto facilitarlle informe emitido pola Área de RR HH e formación así como a documentación solicitada da que se ten constancia arquivada na dita área.

TERCEIRO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/03/2023 14:25	Páxina 3 de 4
1193-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

rs.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/03/2023 14:25	Páxina 4 de 4
1193-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		